

## Unidade 12. Debate

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### O Larvisión

Eu teño familia en Majrit, uns curmáns, e estou farto do que fai deles o Larvisión: ninguén fala na casa, apenas un saúdo ao entraren e ao saíren, todos sempre na sala a ollar para a pantalla enorme, coma pamos, dándolle a cabeza que si, dicindo si a todo o que aparece diante dos seus ollos...

—Ben, Carl, pero isto non é unha cidade enorme e despersonalizada como Majrit. Nós temos un xeito propio de ver e entender a vida. Temos o escudo da lingua e os costumes, rapaz.

—Aínda peor: se alá os aparvan falándolles no seu idioma, aquí vannos aparvar falándonos nun idioma alleo, meténdonos na casa un xeito de ser, de pensar, de sentir, de vivir, alleo ao noso... un desastre!— e o poeta deixou caer a testa cabeluda sobre os puños, contra a mesa, todas as caras da directiva voltas para el. Abriuse un novo silencio.

O profesor Verín aclarou a gorxa para falar: están exentas de razón. O Larvisión pode ser un elemento estraño nos nosas vidas. Porén, non se hai que alarmar aínda. Temos que esperar a ver.

—Ver como a nosa cultura recibe unha puñalada mortal.

—Carl Ares levantaba a cabeza—. Temos que tomar unha solución efectiva! ¡Xa!

—E que solución propós, Carl?

—Destruír o sistema tantas veces como intenten impórno!

—Oh, Carl...

— Que cousas dis, rapaz...

—Non sexas arroutado...

Ata algún risiño perdoavidas arredor da mesa. O presidente adoptou un ton serio:

—Ben, Carl, o primeiro é que a nosa sociedade é contraria a todo tipo de violencia, e o segundo é que ninguén na nosa terra ten coñecementos técnicos abondo como para poder tentar nada contra o sistema... Eu penso, señores, que temos que aceptar o Larvisión tratando de aproveitar del o que se poida. Eu viña cara a esta reunión pensando que debemos facer unha petición ao goberno para que a nosa cultura e o noso idioma teñan acceso ao novo medio informativo. Iso axudaría a prestixialos ante o pobo, non?

Os directivos da asociación cultural «O Candeeiro» estaban todos de acordo coa idea do presidente, todos menos Carl Ares. Fíxose axiña o texto da carta-petición ao gobernador e Anna Valga quedou encargada de recoller as firmas de todos os socios.



Xabier ALCALÁ

## Unidade 12. Debate

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### 1. Contesta as seguintes preguntas.

- Que será o Larvisión?

\_\_\_\_\_

- Que dúas posturas hai entre o tema de discusión?

\_\_\_\_\_

- Que pasa na familia de Majrit de Carl coa chegada do Larvisión?

\_\_\_\_\_

### 2. Ordena as seguintes oracións segundo ocorren no texto.

- Escóitanse risos arredor da mesa.
- Redáctase unha carta-petición para enviarlla ao gobernador.
- Carl deixa caer a súa testa sobre os puños contra a mesa.
- O presidente propón aproveitar o que se poida do larvisión.
- Carl conta como lles afecta a chegada do larvisión aos seus curmáns.
- Carl propón destruír o sistema.

### 3. Busca estas palabras no dicionario, anota o seu significado: **alleo, gorxa, arroutado e impor.**

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

### 4. Escribe unha oración con cada unha das palabras anteriores.

- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_

### 5. Fai unha listaxe co nome dos personaxes que interveñen no diálogo do texto.

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

## Unidade 12. Debate

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### 6. No seguinte texto, substitúe as palabras en negriña polo coloquialismo correspondente.

O meu **colega** Bieito está **derreado** de tanto currar. Di que quere xuntar un pouco de **pasta** para poder marchar este verán de vacacións ao Caribe. Eu, a verdade, é que estou algo **flipado**, xa que non lle gusta nadiña voar pero el comenta que o Caribe é unha **pasada** e non lle importa pasar **mogollón** de horas no avión.



---

---

---

---

### 7. Escribe un coloquialismo para as seguintes palabras.

Falecer: \_\_\_\_\_

Formidable: \_\_\_\_\_

Desorientarse: \_\_\_\_\_

Dentista: \_\_\_\_\_

Conversar: \_\_\_\_\_

Antigo: \_\_\_\_\_

Mandíbula: \_\_\_\_\_

Ágape: \_\_\_\_\_

### 8. Elabora unha listaxe coas palabras comodín que empregues de xeito máis habitual e escribe a palabra ou palabras ás que substitúen.

PALABRAS COMODÍN	PALABRAS ÁS QUE SUBSTITÚEN

## Unidade 12. Debate

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### 9. Contesta.

- Que redes sociais coñeces?

---

---

- Que redes sociais coñeces?

---

---

### 10. Entra na rede social *Facebook* co permiso dun adulto. Busca un personaxe coñecido e contesta.



- Como se chama?

---

- A cantas persoas lles gusta ese personaxe?

---

- Ten fotos? E vídeos?

---

### 11. Inventa un perfil teu para unha rede social e ilústrao.